

Queremos informarvos que a Amtega celebrará o “**7º aniversario da Sede Electrónica da Xunta de Galicia**” e con este motivo, porá en marcha unha nova edición da “**Xornada Faite [dixit@l e tramita nun clic. Coñece a nova Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#)**”

A finalidade desta formación é que coñezamos as claves dos principais servizos da administración dixital e as novidades implantadas na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, fomentar o uso da Administración Electrónica por parte da cidadanía, así como prestarlles un servizo de acompañamento na realización dos seus trámites. Para conseguir este obxectivo, durante a actividade formativa trataranse os seguintes contidos:

1. **Os sistemas de identificación e sinatura electrónica:** Certificados electrónicos e Chave365.
2. **A Sede electrónica da Xunta de Galicia:** A nova interface e a xestión dos trámites dispoñibles e requirimentos técnicos para o seu uso.
3. **Notifica.Gal:** Trámites dispoñibles e requirimentos técnicos para o seu uso.
4. **Outros sistemas de administración electrónica.**

**Lembrámosvos que a actividade é mañán xoves, día 22 de novembro eo horario de realización será de 10.00 a 14:00 horas, retransmitida por videoconferencia dende CDTIC de Santiago de Compostela e presencial na aula CeMIT de Celanova.**

Si desexas participar podes reservar a túa praza directamente no seguinte link

<https://cemit.xunta.gal/actividade/26990>

Máis información, na aula CeMIT de Celanova (Parque das Trigueiras s/n) e no teléfono 988 43 1604.

---